

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº60/ Ano: 2022 / 2º xornal Mes de novembro / Estado de Centolada

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Isa, xunto co seu home Pepe de Miro, son dos poucos aunienses que pasan todo o ano na Illa. Preparando a pequena horta que lle dará provisións para o duro inverno. **Páx. 1**



ESCAVACIÓNS NO CASTRO DOS MOUROS

Durante o mes de outubro-novembro continuaron as escavacións que se están realizando no Castro dos Mouros en Canexol. Estamos á espera de resultados. **Páx. 1**



PARABÉNS ARENTEIRO

O 21 gran polbada no Carballiño para recibir aos afeccionados do Atlético de Madrid con polbo de Ons. **Páx. 3**



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Os piornos, elemento importante da etnografía auniense, teñen que ser rehabilitados e conservados. **Páx. 2**

CONCELLO DE O GROVE-ASOCIACIÓN BARLOVENTO.

Preocupados pola cultura da súa vila. Conferencias sobre o xacemento de Adro Vello. **Páx. 4**



Breves:

- Ons na Memoria. Pineiróns. **Páx. 3**
- Xornadas de investigación no Parque Nacional. **Páx. 4**
- O temporal tira parte da varanda do peirao. **Páx. 5**

PEPE DE MIRO E ISA <EN ONS TODO O ANO>

O verán é doado de pasar na Illa pero chegado o outono, e non digamos o inverno, cambia a copla da canción auniense, que di:

O vivir na Illa / que bonito é,

Por


O vivir na Illa / que rigoroso é,

Pero, houbo auniens@s que tomaron a decisión de vivir na súa Illa todo o ano, e aí seguen, agás aqueles que por falecemento tiveron que deixala de xeito definitivo. Unha desas familias é a de Pepe e Isa que no seu barrio de Caño son quen de aguantar as duras meteoroloxías invernais e viven felices xunto con outros aunienses como Cesáreo, acompañado dalgunha das súas fillas, Rosiña, Palmira e Berta, filla de Emilio e Chefa que, ata a morte de Emilio, tamén vivían todo o ano no seu barrio do Cucorno.

Con eles tamén os empregados de Parques en quendas de sete días, os fareiros en quendas de quince e, se hai obras, cos albaneis que veñan a traballar.

Pepe e Isa a carón dos paseos e da convivencia cos demais valentes que invernan en Ons, pescan para autoconsumo peixes que poñen en salmoira e afuman para a súa conservación. Crían galos e galiñas e coidan da súa horta que lles dá todo o necesario para estar ben alimentados.

Cando necesitan víveres, póñense en contacto con algún barco dos que faenan na Illa e encargan todo aquilo que necesitan como carne de porco, co que elaboran, entre outras cousas, uns magníficos chourizos que despois afuman. Tamén de vacún e demais produtos alimenticios que precisen: arroz, fariña, pasta,... Gozan do seu illamento, da soidade e da tranquilidade invernais de Ons.



Dereita arriba: Isa, preparando os chourizos, mes de outubro.

Dereita abaixo: Atendendo á boa cantidade de galos e galiñas dos que obterán ovos e carne para o inverno

Esquerda: Pepe coidando a horta no mes de xullo.



ONS ARQUEOLÓXICA *Remate da tempada outonal*

O 11 de novembro marcharon de Ons os arqueólogos que estiveron traballando na que podemos denominar **3ª Actuación no Castro dos Mouros en Canexol**. Desta intervención, agás o publicado na Voz, do que dimos conta na páx. 3 de Onstopus nº 58 sobre a relación comercial que mantiñan os castrexos aunienses coa zona mediterránea e norte de África, non temos ningún dato máis.

Esperaremos un tempo para ver se dende Parques, que di que é o organismo colaborador e como responsable da xestión da Illa, solicita á Uvigo e aos arqueólogos que informen sobre as tres actuacións realizadas, do que se atopou, que medidas de protección van a propoñer, ..., como se vai musealizar, que tipo de exposición farán no Centro de Visitantes,...

Fotos: Pepe de Miro.



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Referencia ao tema do estudo etnográfico

Recibín esta carta dun amigo dos primeiros anos de Ons. Coido, que a carón dos afagos e adulacións cara a min, ten un par de detalles que merecían o poñela e facer un comentario nesta sección:

"Amigo Tinón. Acabo de recibir un email dun colega co Onstopus 59. Parece que te esqueces dos teus amigos de Ons de sempre! Coñezo Aunios, pero leva case tres anos esta nova revista e non sabía nada dela.

Metinme na páxina web que vola edita, baixei as todas e xa lin un bo número das case 60 que tes editadas, e parécenme extraordinarias. Vaia traballo que fas conxugando o humor co relato e a seriedade. Vexo que segues loitando pola túa illa como nos vellos tempos, aínda que estou de acordo cos que che din, que os que teñen que suar a camisa por Ons deberían ser os seus veciños e, sen desmerecer á nova asociación veciñal, a disensión quedou un pouco estancada dende que conseguiron as cotas que querían para acceder á Illa, refírome ao tema dos 800 veciños, que como ben escribesh nun dos Onstopus, sen estar por escrito, as palabras lévaas o vento

Tinón, a finalidade deste escrito, aparte de darte os parabéns, é apoiarte na túa teima polo tema etnográfico de Ons. Xa o temos falado en varias ocasións, pero como ben dicías, ninguén se ía a preocupar desa temática, os políticos son cabezas cadradas.

Ti sempre fuches unha persoa de ideas e de buscar alternativas e solucións a todo. Recordo, nos nosos anos mozos de cuadrilla en Ons, sempre tiñas plans e ninguén chos rebatía, pois preocupábaste de que todos se visen involucrados na idea que argallaras. Por iso creo que con respecto a Ons, en todos os anos que levas de queixas, declaracións e reivindicacións, todo o tes perfectamente estudado e planificado,

Ánimo, e non o deixes ir. Sei que levas a Ons no corazón, moito máis que a maioría dos propios insulares actuais que salvando honrosas excepcións, e aínda que doa dicilo, agora van a Ons case de veraneo. Hai que facerlles ver que a súa Illa é algo máis que un anaco de terra no medio do océano; é o lugar onde naceron os seus devanceiros e onde viviron do xeito máis precario que nos podemos imaxinar, traballando arreo para que os seus descendentes teñan o que hoxe posúen e utilizan. Reivindicar a titularidade das súas casas, xenial, pero non poden deixar de lado a loita pola súa cultura fraguada en máis de 200 anos de estadía.

Segue co teu traballo, e máis agora que estás xubilado. Ons necesita o teu empuxe, ninguén cho vai agradecer, pero sei que a satisfacción persoal da túa loita é enorme. Adiante!"

Prezado amigo, Onstopus é un minixornal dixital que me gustaría que chegara a todos aqueles que, tamén sei, Ons forma parte dos grandes momentos de xuventude pasados, pero non teño a dirección electrónica dese gran mundo de amizades que fixen nesta engaiolante Illa, de aí o motivo de que non o recibiras directamente.

O que si agradezo é o ánimo e alento recibido a prol da miña cisma polo estudo científico sobre a temática etnográfica da Illa, que considero importantísima, e que está sen estudar dun xeito serio e docto.

Sei que hai algunha persoa que quere traballar o tema correctamente, pero non é doado a estas alturas. Como teño comentado hai poucos auniens@s que nestes intres poidan informar sobre temática etnográfica.

Se me queda espazo neste número, senón no próximo, darei unha idea de como incentivar a estudosos, universitarios e investigadores para, polo menos, intentar traballar o tema antes de que sexa demasiado tarde.



A carón do estudo da orixe dos alcuños e da toponimia da que falaba no número anterior, hai temáticas etnográficas sen traballar como os piornos, as lendas, a historia antropolóxica das furnas, o trasno, os xogos populares, o mal de ollo, o calendario festivo e os costumes que se realizaban, os feitizos, os animais dentro da medicina popular e nas prácticas de bruxería, as persoas con poderes, os contos,..., as etapas da vida como se levaban nunha illa sen case relación co continente,..., a parte económica: a agricultura e a pesca e todo o relacionado con elas,..., e un longo etc.

Todo está sen investigar en Ons e os anos pasan a tal velocidade que, en nada, perderemos para as próximas xeracións ese mundo que tardaron máis de dous séculos en construír os aunienses coa mestura dos seus lugares de orixe.

PARABÉNS <ARENTEIRO>

Aproveito para darlle os meus parabéns ao equipo do Carballiño, berce do Polbo á Feira, polos seus triunfos na Copa do Rei e polo próximo enfrontamento contra o Atlético de Madrid.

O Carballiño é toda unha festa, e saben que o próximo día 21 de decembro virán milleiros de madrileños a ver o partido, polo que están á procura de grandes cantidades de polbo para dar de comer a todos eses afeccionados que encherán os restaurantes, bares e loureiros da zona, sempre e cando, teñan Polbo á feira e televisión para animar ao seu equipo.

@s polbeir@s do Carballiño saben que o mellor polbo é o de Ons e puxéronse en contacto cos distribuidores para ter ese manxar de calidade nas súas potas.

Seica a empresa *Pulpo de Ons* vai ser a súa distribuidora oficial.

Ánimo Arenteiro!!!



ONS NA MEMORIA

Exposición fotográfica de PineirÓns

Aquí temos ao equipo directivo da Asociación Cultural PineirÓns no ano 1999, data na que fixemos, na sala bueuesa Amalia Domínguez Búa, unha Exposición fotográfica sobre a Illa de Ons.

Á vez, dimos a coñecer a revista cultural AUNIÓS, no seu nº 0 e presentamos o nº 1. As dúas, como era e é o noso obxectivo principal, con abundante temática sobre Ons nos seus aspectos histórico e etnográficos.

A Xunta Directiva, estaba composta, na foto de dereita a esquerda, por: Lino J. Pazos (Vicepresidente), Eugenio Ogando “Puskas” (Vogal), Toñi Pedrosa (Vogal), Lano Mayán (Presidente), Angelines Braga (Tesoureira) e Tino Pardellas “Tinón” (Secretario).

A exposición estivo na sala durante 15 días e foi un grande éxito, ao ser unha das primeiras exposicións que se facían sobre Ons en Bueu con fotos dos anos 70 s.XX.

UN CONCELLO PREOCUPADO POLA SÚA CULTURA

A semana pasada tiven a sorte de poder asistir á Conferencia e Debate sobre un dos máis importantes xacementos arqueolóxicos da bisbarra do Salnés: “Adro Vello” na praia do Carreiro, San Vicente, O Grove. Foi organizado pola asociación Barlovento e o concello de O Grove, concello preocupado pola cultura da súa vila, e onde puidemos escoitar, cun bo soporte gráfico, a persoas moi vinculadas ao arqueoloxía e a antropoloxía galega como o arqueólogo Adolfo Fernández, A conservadora-restauradora Marta Lago, a antropóloga Olalla López e o avogado Avelino Ochoa.

O arqueólogo (que tamén está traballando no Castro dos Mouros na Illa de Ons) **Adolfo Fernández**, presentou o traballo que realizaron no Adro Vello co fin de ver o seu estado, expoñer as súas posibilidades e indicar o que hai que facer para a súa investigación e musealización.

A antropóloga **Olalla Costas** tratou o tema dos habitantes que ocuparon ese espazo a través dos estudos dos restos atopados e **Marta Lago** expuxo varias posibilidades de conservación e musealización cos seus pros e contras. **Avelino Ochoa** falou sobre o tema xurídico deste xacemento.

Posteriormente houbo unha mesa redonda onde persoas vinculadas, á cultura, ao Grove e aos organismos oficiais debateron sobre o futuro deste importantísimo xacemento.

ADRO VELLO

pasado, presente e futuro

conferencia e debate

CASA DA CULTURA
MANUEL LUEIRO REY
O GROVE

19 | 11 | 22
ÁS 11:00 H.



Fotos, de esquerda a dereita:

Adolfo Fernández nun intre da súa charla explicando como se atopa o xacemento.

Marta Lago ofrecendo tres posibilidades de conservación do xacemento. As ideas serviron para o debate posterior

Avelino Ochoa expoñendo ao numeroso público asistente, as problemáticas xurídicas para este xacemento.

Entre os obxectivos cos que se declara un Parque Nacional atópase o de fomentar o coñecemento dos seus valores e contribuir ao fomento da investigación científica. No caso do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia estese a levar a cabo un importante esforzo investigador e de seguimento dos distintos valores naturais e culturais do Parque.

Este incremento do coñecemento producido polo nivel de estudo que se concentra no Parque ten que ir asociado coa difusión dos resultados obtidos e a transmisión do coñecemento dirixido ás persoas con relación profesional e vocacional co medio ambiente, e tamén ao público en xeral.

Nunha sexta edición, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a través do Parque Nacional, leva a cabo unas xornadas para difundir o resultado das actuacións e proxectos que nos axudan a acadar cada día un coñecemento máis completo do súa contorna.

Parque Nacional das Illas Atlánticas, Rúa Oliva 3, 36202 Vigo
Inscripcións ata o 5 de decembro ou ata completar aforo en:
<https://forms.gle/2Mw4jNucM62xVy6YR>
Información: iatlanticas@xunta.gal telf. 886 218 090

"En lembranza de Chiño"

VII XORNADAS DE ESTUDO E INVESTIGACIÓN DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA


12 e 13 de decembro de 2022
Sede do Parque Nacional das Illas Atlánticas

Os días 12 e 13 de decembro celebraranse estas xornadas sobre o noso Parque Nacional.

Aínda que case todos os relatorios poden ser aplicados a calquera illa do Parque, destacaremos entre eles, os específicos sobre Ons que son:

- Rexeneración da matogueira costeira tras un incendio na Illa de Ons.
- Arqueoloxía das illas atlánticas.

Sobre o papel considero moi interesante estas charlas que contribuirán a coñecer mellor o Parque Nacional e o que se está a traballar sobre el.



TEMPORAL NA ILLA DE ONS

(Semana do 21 ao 25 de novembro)

Este pasado verán sorprendeunos a instalación dunha varanda metálica protectora no peirao da Illa. Dende logo moi necesaria debido ao volume de persoas que a visita na época estival e que pode evitar algún accidente, sobre todo, dos rapaces. Cos primeiros temporais deste outono-inverno sufriu un importante deterioro cousa, da que sen ánimo de crítica, parece un pouco estraño xa que deberían, no intre de colocala, terse en conta a forza do mar sobre este peirao. Esperemos a súa pronta reparación, que non pase como o camiño de lousas que vai de Chan da Pólvora ata o Faro.

